



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 25 de ABRIL de 2022 (1204/1102)

ASISTENTES:

Membros :

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a M^a José Caride Estévez
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás quince horas do día vinte e cinco de abril de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do segundo tenente de alcalde, Sr. Pardo Espiñeira (RA 24/04/2022) por ausencia do Excmo. Sr. alcalde, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretario o concelleiro, Sr. Losada Álvarez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(287).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(288).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECAÑICAS E DE ILUMINACIÓN PÚBLICA VIARIA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 52198/444.

Visto o informe xurídico e informe de fiscalización, ambos do 25/04/2022, dáse conta do informe-proposta de data 25/04/2022, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, a enxeñeira técnica industrial-xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro enerxético, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1º.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente de 22 de abril de 2.016, acordou a adxudicación á UTE IMESAPI, S.A., FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. e FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGÉTICAS, SAU, do procedemento aberto para a contratación do “Servizo de mantemento das instalacións de alumeadado público, tuneis, pasos inferiores, galerías de servizos, instalacións de enerxías renovables e algunhas fontes ornamentais do concello de Vigo”, Expte. 15857/444, por un prazo total de catro anos.

2º.- A XGL na sesión ordinaria do 17 de xullo de 2020, aprobou a prórroga dun ano de duración do “Contrato do servizo de mantemento das instalacións de alumeadado público, túneles, pasos inferiores, galerías de servizos, instalacións de enerxías renovables e algunhas fontes ornamentais do Concello de Vigo , (Expte. 15857/444)”, polo período dun ano, comprendido dende o 27 de xullo de 2020 ata o 26 de xullo de 2021.

3º.- Asemade, en sesión ordinaria do 17 de xullo de 2020, a XGL aprobou a segunda prórroga dun ano de duración do “Contrato do servizo de mantemento das instalacións de alumeadado público, túneles, pasos inferiores, galerías de servizos, instalacións de enerxías renovables e algunhas fontes ornamentais do Concello de Vigo”, (Expte. 15857/444)”, polo período dun ano, comprendido dende o 27 de xullo de 2021 ata o 26 de xullo de 2022.

4º.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado pola Xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro enerxético e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario en data 17.11.2021, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 18.11.2021.
- c) Memoria económica asinada pola Xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro enerxético, polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario, polo Xefe da Área de Inversións e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 31.03.2022.
- d) Certificados de crédito RC nº 202200029075 e RCFUT nº 202200029076 asinados polo Director Superior Contable.



Concello de Vigo

- e) Prego de Prescricións Técnicas asinado pola Enxeñeira Industrial e pola Xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro enerxético en data 31.03.2022.
- f) Anexos I-II-III ao PPT, asinados en data 21.04.2022.
- g) Anexo IV oa PPT, consistente en relación documentación e información referente aos medios adscritos ao contrato (listado de traballadores subrogables e convenio colectivo siderometalúrxica) facilitados polo actual adxudicatario en datas 21.04.2022 e 10.12.2021.
- h) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo Servizo Xestor, e asinada en data 31.03.2022.
- i) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 31.03.2022.
- j) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 25.04.2022.
- k) Dilixencia complementaria á Memoria Xustificativa asinada con data 25.04.2022
- l) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 25.04.2022.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

Terceiro.-No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica ou profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP), así como o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 da LCSP. Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril)

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do **SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECÁNICAS E DE ILUMINACIÓN PÚBLICA VIARIA DO CONCELLO DE VIGO.**

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado pola Enxeñeira Industrial e pola Xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro enerxético en data 31.03.2022, e os seus Anexos asinados en data 21.04.2022.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 25.04.2022.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **“SETE MILLÓNS TRESCENTOS TRINTA E CINCO MIL CATROCENTOS TRINTA TRES MIL EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS” (7.335.433,62 €)**, IVE engadido, sendo o importe correspondente ao IVE de 1.273.091,78 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1650 2279903 (Contrato mant. iluminación, tuneis, galería), de acordo coas seguintes anualidades:

2022	1.276.986,30 €
2023	3.002.466,00 €
2024	3.055.981,32 €
TOTAL	7.335.433,62 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

3(289).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NA CONVOCATORIA DE “AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS DE TITULARIDADE PÚBLICA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA”, DE ACORDO COA ORDE TMA/178/2022, DE 28 DE FEBREIRO DE 2022 DO MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA. EXPTE. 1253/441.

Visto o informe de fiscalización de data 25/04/2022, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Patrimonio Histórico, o xefe de Área de Investimentos, o xefe da Área Xurídica de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 17 de febreiro de 2022, no marco do expediente 1185/441, adopto entre outros os seguintes acordos:

- Aprobar, aos efectos de garantir a implementación das medidas que sexan necesarias en relación coa execución dos proxectos vinculados, os fondos do PLAN DE RECUPERACIÓN DE TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA - PROGRAMA NEXT GENERATION EU, a proposta organizativa que se conforma baixo o **PROGRAMA DE COORDINACIÓN MUNICIPAL, PLANIFICACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DE PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS PRTR - PROGRAMA NEXT GENERATION EU**, de acordo coa composición e funcións establecidas no apartado II.a de a proposta de informe.
- Delegar no Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro de Fomento e Servizos a coordinación e desenvolvemento operativo do PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DE PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS PRTR - PROGRAMA NEXT GENERATION EU, para o que, contará co apoio do “Comité Técnico de Coordinación e Planificación” que forma parte deste plan, así como o conxunto da estrutura de goberno municipal e as áreas e servizos municipais

2.- Con data de 11 de marzo de 2022, o BOE publica a Orde TMA/178/2022, de 28 de febreiro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública e a convocatoria para a presentación de solicitudes polo procedemento de concorrencia competitiva no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras, requisitos e procedementos para a selección e concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a rehabilitación de edificios cuxa titularidade corresponda ás Entidades Locais e que estean ou vaian estar destinados a un uso público, por un

importe de seiscientos millóns de euros provenientes do fondo europeo asignado ao MRR.

A finalidade de tales créditos é a de financiar aquelas actuacións que, no marco dunha rehabilitación integral, garantan o cumprimento dos requisitos establecidos polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) aprobado por Acordo do Consello de ministros de 27 de abril de 2021 e detallados no Programa de Impulso á Rehabilitación de Edificios Públicos (PIREP). Así mesmo, e de conformidade coa coherencia das políticas deste Ministerio, as actuacións que sexan obxecto de financiamento deberán ter un carácter integrado, no sentido definido pola Axenda Urbana Española (AUE), e responder os criterios de sustentabilidade, inclusión e calidade estética previstos pola Nova Bauhaus Europea.

3. O programa de axudas descrito nestas bases contribúe á consecución dos obxectivos xerais da Política Panca 1 «Axenda urbana e rural, loita contra o despoboamento e desenvolvemento da agricultura» e, concretamente ao Investimento 5, da Compoñente 2 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, denominada «Implementación da Axenda Urbana Española: Plan de Rehabilitación e Rexeneración Urbana»

Poderán ter a consideración de beneficiarias destas axudas as Entidades Locais, entendendo por tales os municipios, con independencia do seu tamaño e poboación, as Deputacións Provinciais, os Cabildos e Consells insulares que sexan titulares dun inmovible que cumpra as condicións esixidas por esta convocatoria.

Requisitos de aplicación aos edificios.

1. Os edificios sobre os que leve a cabo a rehabilitación deberán cumprir cos seguintes requisitos básicos:

a) Ser de titularidade pública. Consideraranse de titularidade pública os bens pertencentes ás Entidades Locais, e acreditarano na forma correspondente. No caso de existir un réxime de cotitularidade sobre o edificio entre distintas Administracións Públicas, esixirase que a Entidade local beneficiaria ostente polo menos o 51 % da propiedade, achegándose en tal caso, ademais da acreditación da titularidade, unha declaración responsable que xustifique o consentimento de todas as Administracións concorrentes.

b) Estar destinados a uso público, con exclusión de uso residencial vivenda pública (en todos os seus réximes), e mantelo destinado, polo menos durante o próximos vinte anos, ao uso público, achegando para ese efecto o documento de Declaración Responsable asinado polo órgano competente.

Tamén poderán ser beneficiarios desta convocatoria aqueles edificios de titularidade pública que, estando en desuso ao tempo da publicación desta convocatoria, sexan destinados a uso público unha vez finalizada a rehabilitación durante un prazo mínimo de vinte anos.

c) Ter unha data de construción anterior a 1 de xaneiro de 2009.

2. Os edificios sobre os que leve a cabo a actuación de rehabilitación para as que se solicita financiamento poderán atoparse nalgún dos seguintes estados:



Concello de Vigo

a) Actuacións cuxas obras se atopen iniciadas por contar cunha acta de reformulo asinada en data posterior ao 1 de febreiro de 2020 e anterior á data de finalización de presentación de solicitudes desta convocatoria. As obras non poderán atoparse suspendidas a data de publicación da presente convocatoria. En calquera caso, unicamente poden financiarse os custos incorridos a partir da citada data.

b) Actuacións en fase de licitación cando, con anterioridade á data de publicación da presente convocatoria, se houbera publicado o anuncio de licitación no perfil de contratante.

c) Actuacións que, non atopándose en ningún dos estados anteriores, poidan contar cos requisitos previstos nesta orde de bases e convocatoria durante o prazo establecido para a presentación de solicitudes.

Tipos de actuacións que poden ser obxecto de financiamento.

1. Serán actuacións elixibles con carácter principal as seguintes:

Actuacións tipo A .As intervencións encamiñadas á **mellora da eficiencia enerxética dos edificios públicos**, con coeficiente de contribución climática do 100 % (de acordo co previsto no anexo VIN do Regulamento (UE) n.º 2021/241).

Quedarán expresamente excluídas deste grupo aquelas actuacións que supoñan a substitución, uso ou instalación de equipos térmicos que utilicen combustible de orixe fósil.

Actuacións tipo B. As intervencións destinadas a mellorar a **sustentabilidade ambiental en materia de auga, uso de materiais, xestión de residuos, adaptación ao cambio climático e protección da biodiversidade**, con coeficiente de contribución climática do 40 %.

Actuacións tipo C. Las intervencións orientadas a mellorar a **accesibilidade**. Aquelas que eliminan barreiras e melloren a accesibilidade física, cognitiva e sensorial.

Actuacións tipo D. As intervencións destinadas a mellorar a **habitabilidade**.

Actuacións tipo E. As intervencións encamiñadas á **mellora na conservación dos edificios**.

2. Con carácter complementario ás actuacións do punto anterior, serán tamén actuacións elixibles as seguintes:

Actuacións tipo A bis. Redacción de proxectos e demais traballos necesarios para a realización das obras incluídas no grupo A. Coeficiente de contribución climática do 100 % (de acordo co previsto no anexo VIN do Regulamento (UE) n.º 2021/241).

Actuacións tipo B bis, C bis, D bis, e E bis. Redacción de proxectos e demais

traballos necesarios para a realización das actuacións incluídas, segundo corresponda, nos grupos B, C, D e E.

Liñas, parámetros e indicadores da convocatoria.

1. Nos termos establecidos no artigo 1, na presente convocatoria articúlase as seguintes Liñas de desenvolvemento das actuacións:

- a) **Liña 1.** Edificio a rehabilitar cuxa recepción de obra, sen observacións nin reparos, teña lugar como máximo o 30 de setembro de 2024.
- b) **Liña 2.** Edificio a rehabilitar cuxa recepción de obra, sen observacións nin reparos, teña lugar como máximo o 31 de marzo de 2026.

2. As actuacións da Liña 2 deberán cumprir polo menos dúas dos seguintes parámetros:

- Que o custo total da obra proxectada (entendido como a suma do custo das actuacións tipo A, B, C, D e E), sen impostos, sexa igual ou superior a 500.000 euros.
- Que a superficie, medida en m² construídos, na que se vai a intervir supere os 1.000 m². No caso de que a intervención afecte só ás fachadas, deberá computarse unicamente a superficie sobre rasante. Do mesmo xeito, no caso de substitución de carpintarías, illamento de cuberta, substitución ou mellora dos sistemas de climatización, etc., deberase computar a superficie afectada por tales obras.
- Que o grao de intervención da actuación sexa igual ou superior a 500 euros/m², considerando o custo total da obra sen impostos respecto da superficie total rehabilitada.

Determinación da contía obxecto de financiamento.

1. A contía establécese da seguinte forma:

- a) Nas actuacións tipo A e A bis subvencionarase o 100 % sobre o prezo (artigo 102 LCSP) detraendo o IVE ou imposto equivalente.
- b) Nas actuacións tipo B, B bis, C, C bis, D, D bis, E e E bis subvencionarase o 85 % do prezo (artigo 102 LCSP) detraendo o IVE ou imposto equivalente, aínda que o importe sobre o que se aplica esta porcentaxe non poderá superar o 50 % do importe das actuacións enerxéticas tipo A + A bis.

2. Con independencia do importe total da actuación, **la contía obxecto de financiamento non poderá superar os 3.000.000 euros (impostos non incluídos) en cada solicitude.**

3. O importe relativo ao conxunto de tributos (impostos como o IVE, IGIC ou IPSI, ICIO ou taxas urbanísticas) de todas as actuacións non será un gasto subvencionable, polo que deberá ser obxecto de financiamento pola Entidade Local beneficiaria, ben a través de recursos propios ou ben con cargo a financiamento obtido en virtude de



Concello de Vigo

colaboración público-privada.

II.- PROPOSTA PARA A CONFORMACIÓN DO PROXECTO A PRESENTAR POLO CONCELLO DE VIGO:

Á vista dos condicionantes técnicos da convocatoria e tendo en conta os diversos proxectos nos que se esta traballando para a rehabilitación de edificios de titularidade do Concello de Vigo e de acordo coa información facilitada polos distintos servizos municipais, propónse a presentación dos seguintes proxectos:

OBRAS DE REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO PAZO DÁ RAPOSEIRA EN SAN PEDRO DE SARDOMA.

a.- Reseña histórica:

O Pazo dá Raposeira, casa señorial que foi construída en diferentes etapas, a inicial no ano 1.625 cando se levantou a á norte e a entrada do edificio. Posteriormente, en 1.712, completouse a edificación principal coa torre, a capela e o patio de armas por Antonio López, rexedor perpetuo de Vigo, que xunto a Isabel Araujo fundaría o vínculo da Raposeira.

Desde a fundación do vínculo, a propiedade foi transmitíndose de xeración en xeración levándose a cabo sucesivos entroncamentos con notables liñaxes. Así até a última propietaria descendente directo da familia fundadora, que o cedeu ao Concello.

b.- Breve descripción do Edificio:

Edificación realizada en fábrica de granito cunha superficie construída de 945,60m². e un desenvolvemento en planta de tres corpos rectangulares unidos en forma de Ou, situando no extremo esquerdo da crujía central unha torre e en remate da á dereita unha capela exenta como elementos mais característicos do complexo.

Componse de dous pisos completos e un terceiro na prolongación en altura do torreón. Cada planta é independente e sen comunicación interior coa outra. A planta baixa cunha superficie de 488,60m² destínase a almacén , adegas, talleres e demais funcións de servizo, e o piso superior de 393,40m² sitúa as estancias propias da vivenda.

Unha escaleira embutida nun muro da planta alta comunica coa última altura do torreón, unha estancia de 63.60m² de superficie construída.

A arquitectura da edificación destaca pola unidade e simplicidade das súas formas e a sobriedade das fábricas de granito que compoñen as fachadas con extremada sinxeleza.

O edificio atópase en malas condicións, exteriormente debido á deterioración tanto das carpintarías das fachadas como de parte da cuberta, e interiormente polo

avanzado estado de deterioración da estrutura, as instalacións, tabiquerías, revestimentos e carpintarías.

Estruturalmente está en mal estado parte do armazón que soporta o piso da planta primeira e da cuberta, con vigas e viguetas en mal estado, produto da acción das humidades e de organismos vivos.

En canto ao exterior as construcións máis significativos, o hórreo, o cruceiro e a fonte, considérase a súa rehabilitación debido ao mal estado en que se atopan.

c.- Marco de actuación:

Ante as necesidades expostas e o estado actual de conservación considérase conveniente acometer unha reparación a fondo do edificio, realizando unha rehabilitación integral do interior, reorganizando os espazos con novas superficies e comunicacións que distribúan o programa funcional acorde coas necesidades, substituíndo as instalacións existentes por outras máis adecuadas, e restaurando as fachadas exteriores de granito e todos os elementos que as compoñen.

Coa realización destas obras preténdese:

- Mellorar as condicións funcionais e habitables do edificio adecuando a superficie aos usos destinados, e dotando dunhas instalacións acorde aos requisitos de funcionamento e tecnoloxía actuais, reducindo notablemente o consumo enerxético e achegando carácter de sustentabilidade reducindo custos de explotación.

- Aproveitar a oportunidade de utilizar un edificio único polas súas condicións estéticas, polo seu gran valor histórico, e pola súa situación dispendo dunhas instalacións de carácter representativo co obxecto de realizar funcións de uso socio cultural para revitalizar unha contorna carente de referencias públicas.

Polo exposto e de acordo cos condicionantes expostos polo estado actual de conservación e as características do edificio existente, condicionantes de plan urbanístico e patrimonio cultural, e o programa de necesidades expresado, proxéctase a rehabilitación integral do edificio que comprende a adecuación estrutural e espacial ao novo uso, a implantación de sistemas tecnolóxicos avanzados, a restauración dos elementos orixinais, e a mellora da contorna da edificación

d.- Resumo de actuacións do proxecto OBRAS DE REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO PAZO DÁ RAPOSEIRA EN SAN PEDRO DE SARDOMA e marco orzamentario:

O proxecto recupera o edificio orixinal e acomete as seguintes intervencións:

Na edificación:

- mellora da envolvente térmica coa substitución da carpintaría exterior por novas carpintarías das mesmas características en madeira con rotura de ponte térmica, con vidros illantes, dotando á cuberta con illamento térmico e impermeabilización,



Concello de Vigo

realizando pavimento na planta baixa en granito e madeira coas súas correspondentes soleiras, illamentos térmicos e impermeabilizacións substituindo ao actual de terra e trasdosando illamento térmico no interior das fachadas pétreas.

- apertura puntual de ocos de paso en muros para adaptar o espazo ao novo programa

- eliminación de elementos estruturais desconformes introducidos en últimas actuacións.

- restitución puntual da estrutura de cuberta e de pisos en mal estado restaurando e reforzando o resto onde se requira co fin de garantir a estabilidade

- limpeza dos revestimentos en paredes e chans da capela realizando novo pavimento pétreo.

- saneado e limpeza da fábrica de granito existente -mellora da accesibilidade cun elevador e unha escaleira interior.

- dotar de instalacións ao edificio adaptándoo aos requisitos normativos que se requiren, prevendo un consumo enerxético razoable, eficiente e sustentable no tempo, tendo en conta a súa incidencia no futuro mantemento do edificio e a súa integración na arquitectura. Proponse:

- Bomba de calor aerotérmica para calefacción, ACS e refrixeración reducindo o consumo do sistema orixinal.

- Ventilación con recuperadores de calor estáticos de alta eficiencia con by-pass e variador de velocidade para mellorar a calidade do aire interior e reducir o consumo eléctrico ao recuperar enerxía e adaptar o réxime á demanda.

- Iluminación led para reducir o consumo incorporando ademais sensores de control e regulación de intensidade. -Billas para aforro auga con sensor electrónico para adaptarse á demanda.

- Aproveitamento de augas de choiva para reducir o consumo de auga en recarga de cisternas de inodoros e a rega de xardíns, limpeza e baldeos de pavimentos.

- Instalación fotovoltaica para producir a demanda de enerxía eléctrica convencional do edificio cunha enerxía limpa e renovable sen xerar emisións de CO₂.

- Sistema de xestión intelixente do edificio que incorpora os sistemas tecnolóxicos e os sistemas de información necesarios para unha correcta xestión e explotación operativa das instalacións.

No exterior

- rehabilitación das construcións exteriores, hórreo, cruceiro, e estanque.

- realización dun percorrido accesible pola leira desde o acceso

O EDIFICIO

Todo iso dá como resultado a renovación do edificio de muros exteriores de granito e estrutura interior de madeira que funcionalmente reparte as estancias principais de uso público en dúas plantas deixando as de servizo cara á fachada posterior.

Desde a zona de recepción accédese a todas as estancias do edificio, ás salas da planta baixa, e ás da planta alta mediante escaleira interior e elevador de nova construción posibilitando o funcionamento conxunto do establecemento sen necesidade de saír ao exterior.

Na planta baixa repártense a recepción, salas ao público, a zona de servizos e capela independente.

Na planta alta dispónse cinco salgas ao público comunicadas entre si rehabilitadas con todo o armazón estrutural que soporta a cuberta á vista.

Posibilítase de fraccionamento temporal destes espazos mediante a manipulación das diferentes portas que as sectorizan, e acceder a elas ben directamente ou desde outros espazos de comunicación, o patin-corredor en planta alta e o soportal na planta baixa. Así, o programa articula os espazos de forma que poden funcionar de maneira conxunta ou independente con gran flexibilidade.

Desde o punto de vista construtivo, o proxecto recupera os materiais orixinais tanto na súa aparencia como na súa función específica adecuando con revestimentos os espazos da zona de servizo ás novas esixencias.

Interiormente poténciase a conservación do sistema construtivo existente de muros de carga e armazón de madeira de pisos e cuberta, e exteriormente consérvase integramente trázaa do edificio actual, constituído polos muros de fábrica de granito, coroados por cuberta a varias augas en teza.

Con todo procúrase a utilización de materiais e sistemas construtivos actuais, con especial atención a aqueles con mellor comportamento enerxético e sustentable, como son as técnicas construtivas secas, materiais reciclables e con escasa xeración de residuos, carpintarías con rotura de ponte térmica e vidros coas mellores características térmicas, iluminación mediante lámpadas led de baixo consumo e longa duración, sistemas de control de iluminación mediante detección de presenza e de regulación mediante células solares, griferías termostáticas e con limitación de consumo.

A FINCA

No exterior expónse a recuperación dos xardíns de trazado francés situados no patio e no extremo sueste da leira. Son macizos de céspede con árbores no seu centro rodeados por sebes dispostos de forma xeométrica. Na zona este dispónse o xardín do horto cun carácter máis informal con especies autóctonas que alternan con prado, arbustos e árbores. Rodeando os muros perimetrais sitúanse diferentes tipos de árbores e no norte un conxunto de cipreses.



Concello de Vigo

RESUMO DE ORZAMENTO EN RELACIÓN ÁS ÁREAS SUBVENCIONABLES POLA CONVOCATORIA:

Actuacións tipo A +A.bis. As intervencións encamiñadas á mellora da eficiencia enerxética dos edificios públicos , con coeficiente de contribución climática do 100 % (de acordo co previsto no anexo VIN do Regulamento (UE) n.º 2021/241).	1.067.880,83 €
Actuacións tipo B +B.bis. As intervencións destinadas a mellorar a sustentabilidade ambiental en materia de auga, uso de materiais, xestión de residuos, adaptación ao cambio climático e protección da biodiversidade , con coeficiente de contribución climática do 40 %.	89.487,04 €
Actuacións tipo C + C.bis. As intervencións orientadas a mellorar a accesibilidade . Aquelas que eliminan barreiras e melloran a accesibilidade física, cognitiva e sensorial.	177.109,50 €
Actuacións tipo D + D.Bis As intervencións destinadas a mellorar a habitabilidade .	52.368,94 €
Actuacións tipo E + E.Bis. As intervencións encamiñadas á mellora na conservación dos edificios .	184.245,06 €
Importe total sen IVE	1.570.995,77 €
IVE	329,909,12 €
TOTAL GASTOS PROXECTO CON IVE	1.900.904,88 €
Gastos financiados Tipo "A" (100%)	1.067.369,67 €
Resto de actuacións financiados (B+C+D+E) (85%)	428.082,19 €
TOTAL SOLICITUDE DE GASTOS FINANCIABLES	1.495.451,86 €

PROXECTO DE OBRAS DE MELLORA DAS CONDICIÓNIS AMBIENTAIS DO MUSEO QUIÑONES DE LEÓN - PAZO DE CASTRELOS. VIGO

A intervención obxecto da presente convocatoria trata en esencia a mellora das condicións ambientais do Pazo de Castrelos, situado no parque homónimo. Este Pazo, e de maneira ininterrompida desde o ano 1924 tras a doazón do Pazo á cidade de Vigo por parte do Marqués de Alcedo, constitúese como sede permanente do museo municipal "Quiñones de León". Neste sentido, considérase sumamente destacable a necesidade da actualización en ámbitos de accesibilidade, sustentabilidade e eficiencia, dunhas instalacións tan arraigadas cultural e historicamente á cidade de Vigo e ás súas xentes.

Marco de actuación.

Proxéctase esta intervención para a mellorar as condicións ambientais no interior do edificio "Pazo Museo Quiñones de León" consistente na adopción de medidas para o tratamento das deficiencias de estanquidade da envolvente exterior a través da

restauración de carpintarías e na implantación dun adecuado sistema de climatización.

O mal estado das carpintarías e a falta dun sistema de climatización, favorecen a perda calorífica e a permanente humidade das estancias interiores provocando como consecuencias ambientes de traballo insalubres e condicións desfavorables para a conservación das pezas de arte.

Por iso a obra exposta ten dúas vertentes:

- A primeira é a renovación de toda a carpintaría das fachadas para mellorar a estanquidade, o illamento higrotérmico e a eficiencia enerxética do edificio.
- A segunda é a implantación dun sistema de climatización para garantir uns niveis adecuados de temperatura e humidade relativa no interior do edificio para o uso ao que se destina.

Resumo de actuacións do proxecto OBRAS DE MELLORA DAS CONDICIÓN AMBIENTAIS DO MUSEO QUIÑONES DE LEÓN - PAZO DE CASTRELOS. VIGO e marco orzamentario:

Restauración da carpintaría exterior para a mellora de estanquidade e illamentos

Proponse basicamente actuar sobre a carpintaría exterior do edificio que presenta unha deterioración notable debido ao desgaste co paso do tempo nunha contorna severa. As carpintarías existentes presentan danos principalmente na súa cara exterior debido a axentes de deterioración de tipo atmosférico, biolóxico e antrópico. En xeral presentan un aspecto desgastado da madeira coa perda da pintura de protección e a consecuente decoloración sobre todo nas partes máis baixas e coincidindo con achegues de humidade por salpicaduras da choiva, achegues que provocaron a aparición de fendas e lagoas volumétricas do soporte; nalgúns casos con desencaixes e roturas que permiten a entrada de auga e filtracións de aire, herrajes en mal estado, e madeiras que se atopan bastante deterioradas pola humidade.

O Pazo conta con 62 xanelas a restaurar, de 11 tipos distintos. A actual carpintaría de madeira tivo obras de mantemento, restauración e substitución en intervencións ao longo da súa historia. A súa restauración permitirá aumentar considerablemente a estanquidade e o illamento do edificio, mellorar a súa eficiencia enerxética e reducir o custo de mantemento

Proponse restaurar todas as carpintarías cos mesmos despezos, acabados e características técnicas e xeométricas que posúen actualmente, de modo que se mantén a estética xeral do edificio practicamente intacta de acordo coas condicións especiais de protección que lle son esixidas por estar catalogado como Ben de Interese Cultural (BIC).



Concello de Vigo

Aproveitaranse aqueles elementos que se atopen en bo estado e que permitan a súa adaptación para instalar un vidro laminado a fin de mellorar o comportamento térmico e acústico do edificio.

As carpintarías en mal estado que sexan irrecuperables serán substituídas por outras de iguais características e configuración, empregando os mesmos materiais, as formas, as particións as solucións construtivas tradicionais.

A restauración das carpintarías implica así mesmo a procura da estanquidade das xanelas e dos elementos pétreos que as rodean e a complementación dos mesmos no encontro entre os marcos de madeira e os elementos pétreos.

Sistema de Climatización

A contorna dos museos require unha atención especial para garantir niveis adecuados de temperatura e humidade relativa, sobre todo nos espazos onde se expoñen obras de arte.

Por tanto, é necesario que o sistema de climatización responda a esixencias técnicas e de rendemento adecuadas, do mesmo xeito que os sistemas de control e monitorización de todos os parámetros.

Por iso propónse unha climatización que consiste na instalación dun sistema conxunto de climatización e renovación ambiental, conseguindo desta maneira manter no edificio uns niveis óptimos de temperatura e humidade tanto para a adecuada conservación dos bens materiais como para o confort das persoas.

O sistema ten como función tratar o aire interior de cada estancia de forma individual. Componse de unidades interiores (fancoils) distribuídas por todos os recintos cun achegue controlado de aire exterior no conduto de retorno das unidades interiores.

Trátase dun sistema de expansión directa de caudal de refrixerante variable, componse de unidades exteriores tipo bomba de calor con recuperación e unidades interiores de conduto.

Con iso conséguense:

- Condicións óptimas de humidade e temperatura controladas automaticamente.

